

## COMUNICACIÓN CONXUNTA DE PRESIDENCIA (SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE) E CONSELLERÍA DE SANIDADE, SOBRE A XESTIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS COVID-19 NO ÁMBITO DEPORTIVO\_10/03/2022

O pasado 1 de marzo de 2022, tras a valoración da situación epidemiolóxica actual por parte das diferentes comunidades autónomas, a *Comisión de Salud Pública del Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud* chegou a un acordo a partir do cal se elimina a recomendación de corentenar aos contactos estreitos a nivel comunitario.

Neste acordo establécese a necesidade de dirixir as actuacións a protexer á poboación máis vulnerable, reducindo as medidas que se están a levar a cabo na poboación xeral. Considéranse **ámbitos vulnerables** a efectos deste documento: centros sanitarios asistenciais (hospitais e centros de diálise), centros sociosanitarios (residencias de maiores, centros de día e discapacidade) e outros centros con persoas institucionalizadas (centros penitenciarios). Tendo en conta que os centros/lugares onde se realiza actividade deportiva non se enmarcan como ámbitos vulnerables, as actuacións a seguir neles serán as mesmas que a poboación xeral en canto á identificación e manexo de contactos estreitos: NON se realizará identificación dos contactos estreitos na poboación xeral e **serán os propios casos os que deben informar aos seus contactos estreitos do diagnóstico de COVID para que extremen as medidas de prevención.**

A definición de contacto estreito e o prazo para identificar contactos estreitos mantense, polo que comeza 2 días antes da data de inicio de síntomas (ou da toma de mostra nos casos asintomáticos) e remata no momento que comeza o illamento do caso positivo.

Por todo o anterior:

- NON se identificarán como tal os contactos estreitos do ámbito deportivo.
- Deixa de ter vixencia o protocolo "Comunicación e Xestión de casos da COVID-19 no sector deportivo federado de ámbito autonómico e estatal en Galicia", homologándose as actuacións neste ámbito á comunidade (Estratexia xeral de vixilancia e control de COVID-19).

**Recomendacións preventivas para contactos estreitos da COVID-19 a partir do 7/3/22:** <https://www.sergas.gal/Saude-publica/Recomendacions-preventivas-contactos-estreitos>

**Estratexia xeral de vixilancia e control de COVID-19 en Galicia (que facer se eres un caso ou contacto da COVID-19)** <https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Que-facer-contacto-covid>